



ANUNCIO

Mediante Resolución da Alcaldía núm. 1108/2024, de data 26.08.2024, modificáronse as bases reguladoras do proceso selectivo para a creación dunha lista de aspirantes para o nomeamento como funcionario/a interino/a de postos/prazas de arquitecto/a e desistiuse da convocatoria do proceso selectivo para a creación dunha lista de aspirantes para o nomeamento como funcionario/a interino/a de postos/prazas de arquitecto/a técnico mediante o sistema de concurso ao obxecto da aprobación dunha nova convocatoria e bases específicas do proceso, cuxo texto íntegro se cita a continuación:

“ Asunto: MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA LISTA DE ASPIRANTES PARA O NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A DE POSTOS/PRAZAS DE ARQUITECTO/A E DESISTENCIA DO PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA LISTA DE ASPIRANTES PARA O NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A DE POSTOS/PRAZAS DE ARQUITECTO/A TÉCNICO MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO AO OBXECTO DA APROBACIÓN DUNHA NOVA CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS DO PROCESO

Expediente: 2024/E001/000017; 2024/G003/000935; 2024/G003/001083

No Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 135 do 15.07.2024 publicouse a Resolución da Alcaldía núm. 923/2024 do 08.07.2024 pola que se aproba a convocatoria acumulada e as bases reguladoras dos procesos selectivos para a creación dunha lista de aspirantes para o nomeamento como funcionario/a interino/a de postos/prazas de arquitecto/a e dunha lista de aspirantes para o nomeamento como funcionario/a interino/a de postos/prazas de arquitecto/a técnico/a.

Con posterioridade, nas bases de ambos procesos advertiuse que os méritos contiñan un vicio de anulabilidade, ao resultar discriminatorios, tal e como quedou advertido na solicitude dunha das aspirantes, polo que se considera que a dita eiva debe ser emendada.

Asemade, logo da convocatoria, unha praza de persoal funcionario de carreira de arquitectura técnica quedou vacante por un período que se considera será prolongado. A finalidade da convocatoria era crear unha lista para fundamentalmente ser apoio do funcionario de carreira do Concello, ante este imprevisto, considérase que a convocatoria debe buscar un perfil o máis profesionalizado posible coas funcións propias da praza, polo que os méritos da convocatoria feita non se consideran suficientes nin axeitados á nova situación xerada, polo que se estima debe facerse unha nova convocatoria que permita dar mellor resposta aos intereses públicos en xogo.

Tendo en conta o anterior e en uso das atribucións da alcaldía polo art. 21.1.h) da LRBRL, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.-Modificar o apartado 3 da cláusula sétima das bases reguladoras do proceso selectivo para a creación dunha lista de aspirantes para o nomeamento como funcionario/a interino/a de postos/prazas de arquitecto/a (grupo: A, subgrupo: A1, escala de administración: especial, subescala: técnica) do Concello de Fene; mediante concurso aprobadas mediante Resolución de alcaldía núm. 923/2024 do 08.07.2024 publicadas no BOP da Coruña núm. 135 do 15.07.2024 que quedará regulado como segue:

“3. A puntuación virá determinada pola acreditación dos seguintes méritos:

-Experiencia profesional en calidade de arquitecto/a:

Serán obxecto de valoración os servizos prestados como funcionario ou persoal laboral do grupo A1 ou categoría equivalente en prazas/postos/categorías con funcións propias da arquitectura.

Os méritos valoraranse en función da Administración na que se prestaran, entendendo a maior relación que garda a dita experiencia coas funcións propias dos postos que se pretenden cubrir:

1. Por cada mes de experiencia na Administración Local galega: 0.25 puntos/mes
2. Por cada mes de experiencia na Administración Local non galega: 0.15 puntos/mes
3. Por cada mes de experiencia na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia: 0.15 puntos/mes
4. Por cada mes de experiencia en Entidades instrumentais do sector público autonómico galego: 0.10 puntos/mes



5. Por cada mes de experiencia na Administración xeral do Estado ou Administración xeral de comunidade autónoma non galega: 0.05 puntos/mes
6. Por cada mes de experiencia en organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes das Administracións Públicas: 0.05 puntos/mes

Entenderase por Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e Entidades instrumentais do sector público autonómico galego as así definidas na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Entenderase por Administración Xeral do Estado e organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes das Administracións Públicas as así definidas na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Para as comunidades autónomas non galegas estarase á súa normativa propia.

A experiencia valorarase conforme aos días que consten na vida laboral, agás contradición cos certificados achegados, en cuxo caso prevalecerán estes. Os días resultantes dividiranse por 30 para determinar os meses computables. Os períodos inferiores ao mes derivados da citada operación aritmética non serán valorados.

De conformidade co anterior, no caso de acreditación de períodos de traballo por días, un mes virá determinado pola acumulación de 30 días de traballo. Os servizos a tempo parcial serán valorados proporcionalmente, respectando as regras aritméticas anteriormente indicadas.

Para a acreditación dos méritos anteditos deberá achegarse, como mínimo, a seguinte documentación xustificativa:

–No caso de servizos prestados en réxime laboral, mediante copia do contrato de traballo, xunto con certificación de vida laboral acreditativa de ditos servizos e expedida pola tesourería xeral da seguridade social.

–No caso de que os servizos prestados fosen como funcionario, mediante copia da resolución do nomeamento e/ou a toma de posesión, xunto con certificación de vida laboral acreditativa de ditos servizos e expedida pola tesourería xeral da seguridade social ou certificado de servizos xunto con informe de vida laboral.

–No caso de servizos prestados en Entidades instrumentais do sector público autonómico galego ou organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes da Administración Xeral do Estado deberá achegarse documentación xustificativa de que a dita entidade goza de tal condición.

En todo caso, desta documentación xustificativa debera concluírse, de xeito claro e inequívoco, as prazas/postos/categorías e/ou funcións desempeñados. De non ser así, o/a aspirante poderá achegar, complementariamente, certificación con indicación expresa das funcións ou praza/posto/categoría desempeñados, e expedido polo funcionario/a ou órgano competente ao efecto.

No caso de que non se achegue ou non quede debidamente acreditada na documentación achegada a condición como tales das **entidades instrumentais do sector público autonómico galego ou organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes das Administracións Públicas, ou que se trate de experiencia en calquera Administración Xeral, a experiencia alegada non será valorada.**

Non se terán en conta outras formas de acreditación dos servizos diferentes das anteriormente sinaladas; e en ningún caso un certificado de servizos prestados poderá substituír ao contrato de traballo ou a resolución de nomeamento e/ou a toma de posesión, podendo achegarse, en todo caso, como documentación xustificativa complementaria.

No caso de que o tribunal, de conformidade coa cláusula quinta, requira algunha emenda dos méritos achegados, esta requirirase no prazo establecido polo tribunal, que, en todo caso, non superará os dous días hábiles.

SEGUNDO.- Modificar o Anexo I das bases reguladoras do proceso selectivo para a creación dunha lista de aspirantes para o nomeamento como funcionario/a interino/a de postos/prazas de arquitecto/a (grupo: A, subgrupo: A1, escala de administración: especial, subescala: técnica) do



Concello de Fene; mediante concurso no que se recolle a instancia do proceso que quedará redactado como segue:

ANEXO I-INSTANCIA

D/
Dona _____
con data de nacemento _____ e con domicilio _____ con DNI núm. _____ en _____ C.P. _____
(teléfono _____; correo electrónico _____) ante o sr. alcalde do Concello de Fene, COMPARECE e DI:

a) Que coñece e acepta as bases de selección para a creación dunha lista de aspirantes para futuras coberturas como funcionario/a interino/a de postos/prazas de arquitecto/a (grupo: a, subgrupo: a1, escala de administración: especial, subescala: técnica)

b) Que desexa ser admitido/a ás probas selectivas convocadas.

c) Que reúne todos e cada un dos requisitos establecidos nas bases da convocatoria e que aporta a documentación esixida ao efecto.

d) Que adxunta á presente:

- Fotocopia do DNI ou pasaporte.

- Fotocopia do título de _____

- Fotocopia acreditativa de posuír o CELGA 4 ou título equivalente (só para aqueles aspirantes que desexen acreditar de estar exentos da proba de lingua galega).

e) En relación cos méritos a valorar (indicar o que proceda):

Non achega méritos para a súa valoración

Alega os seguintes méritos, acompañándoos da documentación xustificativa que se indica:

	ORGANISMO	DATAS DE PRESTACIÓN	PUNTUACIÓN	DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DA EXPERIENCIA
Administración Local galega				
Administración Local non galega				
Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia				
Entidades instrumentais do sector público autonómico galego				
Administración xeral do Estado/Comunidade Autónoma non galega				
Organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes das Administracións Públicas				

0-0
360
150
P-
E:
C.T.



Por todo o exposto, SOLICITA que se teña por presentada esta solicitude e sexa admitido/a ás probas selectivas para a creación dunha lista de aspirantes para futuras coberturas como funcionario/a interino/a de postos/prazas de arquitecto/a (grupo: a, subgrupo: a1, escala de administración: especial, subescala: técnica)

En _____, __ de _____ de 20__

Asdo.: _____

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE FENE”.

TERCEIRO.-Conceder un novo prazo de 2 días hábiles para que calquera persoa poida concorrer ao proceso selectivo para a creación dunha lista de aspirantes para o nomeamento como funcionario/a interino/a de postos/prazas de arquitecto/a (grupo: A, subgrupo: A1, escala de administración: especial, subescala: técnica) do Concello de Fene; mediante concurso. O dito prazo comezará a computar dende o día seguinte ao da publicación desta modificación.

As persoas aspirantes que xa presentaron instancia no primeiro prazo non terán que achegar novamente instancia, agás que desexen que se lle teñan en conta novos méritos axustados á modificación practicada, en cuxo caso deberán achegar nova instancia no prazo concedido coa documentación xustificativa dos novos méritos alegados.

CUARTO.-A aprobación desta modificación das bases reguladoras do proceso selectivo para a creación dunha lista de aspirantes para o nomeamento como funcionario/a interino/a de postos/prazas de arquitecto/a (grupo: A, subgrupo: A1, escala de administración: especial, subescala: técnica) do Concello de Fene; mediante concurso supón á retroacción do procedemento ao momento anterior á aprobación da lista provisional de persoas admitidas.

QUINTO.-Desistir da convocatoria do proceso selectivo para a creación dunha lista de aspirantes para o nomeamento como funcionario/a interino/a de postos/prazas de arquitecto/a técnico mediante o sistema de concurso ao obxecto de elaborar unha nova convocatoria axustada aos intereses públicos xurdidos con posterioridade á súa publicación, coa finalidade de acadar perfís o máis profesionalizados posibles ás necesidades municipais.

SEXTO.-Publicar esta resolución no BOP da Coruña, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello e notificar a todas as persoas interesadas con indicación de que esta Resolución pon fin á vía administrativa e contra a mesma poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso administrativo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no boletín oficial da provincia da Coruña, segundo o art. 46.1 da Lei 29/1998 de 13 de xullo da xurisdición contencioso-administrativa. Así mesmo, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o alcalde-presidente, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no boletín oficial da provincia da Coruña (artigos 123, 124 e 30 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas). No caso de que se interpoña o recurso potestativo de reposición, ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo (artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Juventino José Trigo Rey, do que eu, Estefanía Manteiga Lamas, como secretaria, dou fe”.

En Fene, asinado dixitalmente o 28.08.2024 polo alcalde Juventino José Trigo Rey



C.I.
E:
P-
150
360
0-G